

## EXPOSICIÓNS PERMANENTES NA BIBLIOTECA REGO DA BALSA

Exposicións de traballos elaborados  
por alumnas e alumnos dos centros  
de ensino de Carballo.

Horario de visitas ás  
exposicións:  
Permanecerán abertas polas  
tardes para o público en xeral.

Agradecemento a todo o profesorado  
dos centros de ensino de Carballo pola  
súa colaboración e implicación coa  
Semana do Libro.



ASOCIACIÓN  
SOCIO-EDUCATIVA  
GALEGA

Fundación  
**Luis Calvo Sanz**

Deseño Gráfico: Distrito Xermar

# XVII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Do día 22 ao 26 de abril

Biblioteca Municipal  
Rego da Balsa  
CARBALLO



# XVII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

## Actividades concertadas cos centros de ensino

• LUNS, 22 •

### **De Tin Marín de Soledad Fellozo**

Todas sabemos que os contos son algo moi máxico, quen conta e quen escoita xogan a facer realidade soños e fabulacións. *De Tin Marín*, son palabras moi coñecidas en moitos países de América Latina, boas para escoller a vez nun xogo, para esconxurar os trasnos, para facer maxia, e acompañan a Sole Fellozo.

• MARTES, 23 •

### **Ándale, Bon Appétit! de Teatro Ghazafellos**

Os nosos queridos xefes de cociña Felipe, Antonio e Francisco prepararán deliciosos pratos mexicanos facendo un pequeno repaso pola historia do país. Tamales, enchiladas, tacos... unha chea de receitas aderezados co humor dos Ghazafellos e acompañadas coa aparición de personaxes como Pancho Villa ou Frida Kahlo. Coma sempre, a participación do público será imprescindible. Ándale!

• MÉRCORES, 24 •

### **Vicki e a felicidade de Bandullo azul**

Vicki, un neno a quen lle encanta bailar e cantar, vive nunha aldea onde as persoas están sempre de mal humor. Un día, despois dunha conversa coa súa avoa, emprende

unha viaxe na procura do segredo da felicidade, coa idea de devolverlle a alegría á xente da aldea.

• XOVES, 25 •

### **A maleta da avoa de Raquel Queizás**

Desde ben pequena escoitaba os contos da avoa á mañá, na merenda e, sobre todo, á noite. *A maleta da avoa* está chea de pequenos tesouros; nela vive a memoria. Dentro dela brincan trasnos, mouras, nenas espelidas, bonecas feitas con carozos de millo... Abrímolos?

### **Tralará de Marta Ortiz**

Contos de antes e de agora, cun pé para adiante e outro para atrás, bailando entre a tradición e a actualidade. O ritmo emana do propio contar, da lingua.

• VENRES, 26 •

### **MAXIA de Mago Paco**


Un espectáculo que trata contidos como os efectos ópticos, matemáticas, o son e a astronomía dunha forma práctica, dinámica e moi entretida, interactuando constantemente cos rapaces e rapazas, facéndoos partícipes, e protagonistas de cada experiencia.



## Actividades abertas ao público

Do día 22 ao 26 de abril de 2024

De luns a venres, ás 18:00 horas



## TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA

• LUNS, 22 •

### **Paxariña de papel de Soledad Fellozo**

Unha paxariña, un avión o un papaventos, cousas da maxia, colles un papel e tes un mundo novo...Contos e versos para celebrar o Día do Libro.

• MARTES, 23 •

### **A Caixa sen Pandora de Teatro Ghazafellos**

Que pasaría se Pandora non abrise a Caixa? Repaso divertido das distintas mulleres que decidiron romper coa norma establecida e abrir a súa propia caixa iniciando un movemento imparables pola igualdade. E en resumo, quereremos nós abrir a nosa propia caixa?

• MÉRCORES, 24 •

### **Vicki e a felicidade de Bandullo azul**

Vicki, un neno a quen lle encanta bailar e cantar, vive nunha aldea onde as

persoas están sempre de mal humor.

Un día, despois dunha conversa coa súa avoa, emprende unha viaxe na procura do segredo da felicidade, coa idea de devolverlle a alegría á xente da aldea.

• XOVES, 25 •

### **Travesías. Aventuras de libro de Raquel Queizás**

Agardan por nós viaxes cheas de aventuras nas que coñeceremos a nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños.

• VENRES, 26 •

### **Hocus Pocus de Mago Paco**

Un espectáculo moi participativo no que o Mago Paco fai que nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas creando un espazo aloucado, ruidoso, dinámico e cheo de sorpresas.